

PROCESO SELECTIVO ADMINISTRATIVAS/OS DE ADMINISTRACIÓN XERAL DERIVADO DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE VIGO 2020-2021-2022 (2ª FASE), (SETE POLA QUENDA LIBRE)

ANUNCIO: PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS, RECLAMACIÓNS ÁS PUNTUACIÓNS DO 3º EXERCICIO E CONVOCATORIA AO 4ª EXERCICIO

1º.- ANUNCIO: PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS DO 3º EXERCICIO, OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

Realizada a revisión dos 3º exercicios do presente proceso selectivo en consideración aos escritos de reclamacións presentados polas persoas aspirantes, dase publicidade ás puntuacións definitivas:

APELIDOS, NOME	Puntuación
CARIDE NIMES, L.	6,92
CARRETE PARDAL, M.X.	6,85
COLLAZO GÓMEZ, S.	5,38
COMESAÑA PÉREZ, S.	NON APTA/O
CORTEGOSO ACUÑA, A.C.	NON APTA/O
CORTIZO FERNÁNDEZ, D.	5,98
DOMÍNGUEZ BORINES, J.	5,63
ESCÁNEO OTERO, N.G.	5,71
ESCARIZ COVELO, A.	5,99
FERNÁNDEZ VILA, I.	6,55
FIGUEIRAS FIGUEROA, F.J.	7,23
GONZÁLEZ EIRIZ, B.	6,11
GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, M.E.	6,59
GUTIÉRREZ VELO, A.	6,14
LAMAS MARTÍNEZ, M.	6,10
LIJÓ RODRÍGUEZ, M.	5,50
MEIJIDE FRAGA, G.	5,09
PEITEADO ALONSO, L.	6,27
PÉREZ REY, B.	NON APTA/O
PÉREZ ROMERO, N.	6,75
VILA RODRÍGUEZ, R.	7,40

O que se publica para xeral coñecemento.



2º.- ACORDOS RELATIVOS AOS ESCRITOS DE RECLAMACIÓN AS PUNTUACIÓN DO 3º EXERCICIO

En sesión que tivo lugar o día 13.06.2026, o órgano de selección acordou proceder á revisión dos exercicios dos aspirantes reclamantes nos termos que figuran no anexo, así como facilitar os criterios e motivacións das puntuacións e a expedición de copias previa exacción da taxa establecida. Así mesmo, desestimouse a solicitude de nulidade total ou parcial e/ou rebarefacción das preguntas 1 e 2 do suposto de contratación, polos fundamentos que figuran no anexo.

O que se publica para xeral coñecemento, sen prexuízo do que, as persoas reclamantes cuxas reclamacións foran desestimadas poderán presentar recurso de alzada ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.

3º.- CONVOCATORIA DO 4º EXERCICIO, DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

Convócase ás persoas aspirantes á 4º proba do presente proceso selectivo, de carácter obrigatorio e eliminatorio, que terá lugar o **venres día 17.07.2026** na Aula de Formación da Policía Local de Vigo (sita na casa do Concello do Vigo) ás 10.30 horas.

Tratarase dunha proba de coñecementos de informática a nivel usuario/a de contornos operativos Windows, Linux ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (Open Office ou similar) e de utilidades básicas de internet en ditos contornos (navegación, correo electrónico, etc).

As persoas aspirantes deberán vir provistas de Documento Nacional de Identidade ou documento oficial que sirva para acreditar a identidade forma fehaciente.

O que se publica para xeral coñecemento.

Vigo, na data da sinatura electrónica.
A secretaria do órgano de selección.
Lorena López Rodríguez



**ANEXO.- ACORDOS RECLAMACIÓN S PRESENTADAS AO 3º EXERCICIO OBRIGATORIO E ELIMINATORIO**

Data de01.07.2026
presentación
Código deW1517065-9732
solicitud e

Solicita a revisión do seu 3º exercicio, por considerar a súa nota insuficiente. Así mesmo, solicita coñecer os puntos obtidos en cada pregunta e a súa xustificación, sendo posible, de forma presencial cos membros do órgano de selección.

FUNDAMENTOS DO ACORDO:

A solicitude foi presentada antes do inicio do prazo de reclamacións. Non obstante, considerando o principio *pro actione* neste concreto suposto de presentación anticipada e a fin de evitar un excesivo rigor formalista, os membros do órgano de selección non teñen inconveniente en atender o solicitado nos termos do acordo que se adopte.

A discrecionalidade técnica constitúe unha potestade recoñecida e amplamente avalada pola xurisprudencia que outorga aos tribunais de selección unha marxe de apreciación para valorar as probas dos procesos selectivos e atopa o seu contrapeso na necesaria motivación das súas decisións. É por elo, que á vista do solicitado, facilitarase ao aspirante a puntuación desglosada do seu exercicio xunto coa xustificación da nota obtida. Considerando que a resolución motivada, pola vía documental e escrita, cumpre as exixencias de acceso, transparencia e publicidade, non procede acceder á revisión presencial peticiónada, por non tratarse dun dereito recoñecido polo ordenamento xurídico (non prevé unha segunda oportunidade de debate e defensa presencial polo aspirante nin se advirten circunstancias que motiven a necesidade de atender esta petición) e quedar xa salvaguardados os referidos principios.

A continuación, realízase a comprobación do contido do exercicio e o contraste coas puntuacións asignadas. No procedemento de revisión, a vogalía 2ª advierte que, por erro, no sumatorio do suposto relativo ao procedemento administrativo, non computou a puntuación do apto f) (correspondíalle 1 punto neste apartado e atribuíulle 0 puntos), polo que se engade e modifica a puntuación desa vogalía no sentido exposto, así como a media aritmética resultante. A vogalía 3ª advirte no apartado e) do suposto relativo ao procedemento administrativo a acreditación duns





coñecementos, se ben elementais, que non tivera considerado na puntuación asignada, que pasará a ser de 0,50 puntos. No demais, ratifícase a puntuación xa outorgada.

As puntuacións desglosadas son as seguintes:

	Presidenta	Vogal 1º	Vogal 2ª	Vogal 3º				
SUPOSTO PROCEDEMENTO								
ADMINISTRATIVO								
APTO A)	0,75	0,75	0,75	0,80				
APTO B)	1	1	1	0,90				
APTO C)	1	0,50	1	0,80				
APTO D)	1	0,75	1	0,80				
APTO E)	0,75	0,75	1	0,50				
APTO F)	1	0,75	1	0,90				
SUPOSTO CONTRATACIÓN								
1	0,75	0,75	0,64	1				
2	0,75	0,50	1,25	1				
3	0,75	0,75	1	0,70				
4	0,75	0,75	1	0,85				
5	1	0,75	1	0,85				
6	1	1	1,25	1				
7	0,75	0,75	1	0,70				
8	0,75	0,75	1	0,70				
	Presidenta	Vogal 1º	Vogal 2ª	Vogal 3º	Puntuación			
	5,5	6,5	4,5	6	5,75	8,14	4,7	6,8
6	5,25		6,945		5,75		5,99	

Tocante á fundamentación das puntuacións asignadas, o órgano de selección motiva a súa decisión a partir do criterio técnico-profesional e independente de cada membro con dereito a voto, que no caso do aspirante reclamante, se fundamenta na escasa argumentación que acompaña as respostas, sendo unha das premisas da proba, que se facilitase unha resposta razonada, segundo figuraba ao comezo dos enunciados. En xeral, comparten que o escaso desenvolvemento das respostas e a parquedade dos razoamentos, impiden ao exercicio acadar mellores umbrais nas súas cualificacións e, neste senso, lembran a presenza de omisións (partes de





preguntas sen resposta e variables non consideradas polo aspirante) así como de conclusións carentes de toda elaboración e que o aspirante resolve a través da mera cita e reprodución dun precepto. En particular, no suposto relativo a procedemento administrativo, a aportación de coñecementos teóricos que reforcen as argumentacións aportadas é moi escasa e, nalgún caso, ese traballo de mínimos é tan insuficiente que, a xuízo dalgún membro, invalida a resposta dada.

ACORDO: Comunicar ao aspirante as puntuacións desglosadas e a motivación peticiónada, así como que, realizada a revisión do seu exercicio, modifícase a puntuación do exercicio no sentido exposto nos fundamentos deste acordo, dando como resultado a media aritmética que será obxecto de publicación (5,99 puntos). Desestimar no demais a solicitude.

A persoa aspirante poderá formular recurso de alzada contra este acordo, ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación.

Data de01.07.2026
presentación:
Código deW15166780-906
solicitude:

Solicita copia do seu exercicio coa corrección e valoración desglosada das preguntas e plantilla correctora cos epígrafes ou contidos mínimos.

FUNDAMENTOS DO ACORDO:

A solicitude foi presentada antes do inicio do prazo de reclamacións. Non obstante, considerando o principio *pro actione* neste concreto suposto de presentación anticipada e a fin de evitar un excesivo rigor formalista, os membros do órgano de selección non teñen inconveniente en atender o solicitado nos termos do acordo que se adopte.

As puntuacións desglosadas son as seguintes:

	Presidenta	Vogal 1º	Vogal 2ª	Vogal 3º
SUPOSTO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO				





APTO A)	1,25	1,25	1,10	1,25
APTO B)	0,75	0,50	1	1
APTO C)	1	0,75	1,50	1,25
APTO D)	1,25	0,75	1,10	0,75
APTO E)	1,25	1,25	1	1,20
APTO F)	1,50	1,50	1,10	1,30
SUPOSTO CONTRATACIÓN				
1	1	1,25	1	0,75
2	0,75	1	0,64	0,85
3	0,75	1	1	0,60
4	1	1,25	1	1,10
5	0,75	1	1,25	1
6	1	1	1,25	1,10
7	1	1,25	1	1
8	0,75	1	1	1

A plantilla orientativa será facilitada ao aspirante, coa observación de tratarse de directrices cun carácter eminentemente orientativo e indicativo que non expresan unha resposta unívoca ou pechada pois a resolución dos supostos prácticos poden admitir unha pluralidade de enfoques e liñas argumentais que deben ser ponderadas polo tribunal.

ACORDO: Comunicar ao aspirante a puntuación desglosada do seu exercicio xunto coa plantilla orientativa, así como unha copia do seu exercicio previa exacción da taxa establecida.

A persoa aspirante poderá formular recurso de alzada contra este acordo, ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación.

Data de 02.07.2026
presentación:
Código de W1517621-7523
solicitud:

Solicita unha copia do seu exame e os criterios de corrección aplicados na súa avaliación.

FUNDAMENTOS DO ACORDO:





O desglose das puntuacións é a seguinte:

	Presidenta	Vogal 1º	Vogal 2ª	Vogal 3º
SUPOSTO PROCEDEMENTO				
ADMINISTRATIVO				
APTO A)	1	1,25	1,10	0,80
APTO B)	0	0	0	0,80
APTO C)	1	1	0,75	0,80
APTO D)	1	0,75	0,75	0,65
APTO E)	1	0,75	0,75	1,10
APTO F)	1	1	0,75	1,10
SUPOSTO CONTRATACIÓN				
1	0,75	0,75	1	0,80
2	1	1,25	1	1,10
3	0,75	1,25	0,64	1
4	1	1	1	0,35
5	1	1	1	0,70
6	0,75	0,75	1	0,80
7	0,75	0,75	1	0,85
8	1	0,75	1,25	0,75

As puntuacións asignadas son o resultado do criterio técnico-profesional e independente de cada membro con dereito a voto, e, polo tanto, son o resultado dunha diversidade de apreciacións técnicas e da autonomía de xuízo de cada un deles. A modo exemplificativo, na avaliación practicada tiveron en conta a existencia de confusións conceptuais (TEU e taboleiro electrónico municipal), respostas incorrectas ou insuficientes (non se realiza o cómputo de prazo solicitado; non existe análise dos requisitos de admisibilidade), a ausencia de argumentacións que amosen un certo nivel de calidade expositiva e argumentativa e, polo tanto, que evidencien un elevado nivel de coñecementos e notable competencia na súa aplicación práctica. En conxunto, trátase dun exercicio correcto, con erros e omisións e, en ocasións, certamente sucinto; insuficiente para situarse en umbrais cualificativos superiores.

ACORDO: Comunicar á aspirante os criterios de corrección aplicados e expedirllle unha copia do seu exercicio previa exacción da taxa establecida.

A persoa aspirante poderá formular recurso de alzada contra este acordo, ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación.

Data de 03.07.2026





presentación:

Código deW1518447-4000

solicitud:

Solicita a revisión do seu exame.

FUNDAMENTOS DO ACORDO:

O órgano de selección procede á revisión do contido do exercicio e o contrasta coas puntuacións asignadas. Logo desta labor, ratifican as puntuacións outorgadas.

O desglose por apartados e preguntas é o seguinte:

	Presidenta	Vogal 1º	Vogal 2ª	Vogal 3º
SUPOSTO PROCEDEMENTO				
ADMINISTRATIVO				
APTO A)	1,20	1	1,10	0,90
APTO B)	0,20	0,25	1,10	0,60
APTO C)	0,75	0,75	1,10	1
APTO D)	1	1	0,75	1
APTO E)	1,25	1	0,50	1,40
APTO F)	1,25	1	0,50	0,75
SUPOSTO CONTRATACIÓN				
1	0,50	0,50	1	0,60
2	0,50	0,50	0,64	0,50
3	1	1	1	0,80
4	1	1	1,25	0,90
5	0,75	0,50	1	0,60
6	0	0	0	0,75
7	1	0,75	1	0,75
8	0,75	0,75	0,64	0,70

Motivan as súas puntuacións na falta de acerto no enfoque dalgunhas cuestións que requirían de análise así como na incorrección dalgunhas das solucións dadas, circunstancias que reciben distinta ponderación técnica a partir do xuízo técnico-profesional independente dos membros con dereito a voto. Así pois, non se analizan os requisitos de admisibilidade nin se identifica correctamente o acto obxecto de recurso de reposición, non se realiza o cómputo do prazo solicitado, non se analizan determinadas variables dos enunciados merecentes de tratamento, a necesidade



dun título executivo e apercibimento previo de execución forzosa, non se fai referencia aos límites económicos na contratación, non se aborda a existencia dunha débeda coa TXSS fraccionada e aprazada, etc. Observan, así mesmo, a parquedade de certas respostas que trasladan practicamente a literalidade da norma e prescinden de maior argumentación ou afondamento. O exercicio non acada, no seu conxunto, un nivel de calidade que poda situar a cualificación en umbrais superiores á suficiencia.

ACORDO: Comunicar á aspirante que, revisado o contido do seu exercicio, acórdase a ratificación da puntuación.

A persoa aspirante poderá formular recurso de alzada contra este acordo, ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación.

Data de06.07.2026
presentación
Código deW1519630-4609
solicitude:

Solicita o traslado da cualificación numérica exacta obtida, as puntuacións individuais outorgadas por cada un dos membros do órgano de selección para cada unha das preguntas do exercicio, xunto coa correspondente motivación; o acceso, vista e copia dos criterios específicos de corrección analítica empregados para valorar cada unha das preguntas do suposto práctico (de determinarse estes documentalmente), como dos exames que obtiveron as mellores puntuacións (Vila Rodríguez e Figueiras Figueroa) e a valoración das consideracións técnicas de dereito formuladas respecto das preguntas número 1 e número 2 do segundo suposto práctico (contratación) e a declaración de anulación completa de ambas preguntas ou de xeito subsidiario, a súa anulación parcial ou a correspondente baremación tendo en conta o alegado no escrito.

FUNDAMENTOS DO ACORDO:

Comunicarase ao aspirante que a cualificación numérica obtida no seu exercicio é de 3,81 puntos, polo que sendo a puntuación mínima requirida para consideralo superado, de acordo coas bases que rexen o proceso selectivo, a de 5 puntos, o resultado do exercicio é NON APTO.

Tocante ás impugnacións contidas no escrito de reclamacións:





En relación coa pregunta número 1 do suposto práctico relativo á contratación pública, o aspirante solicita a anulación completa ou parcial ou a correspondente rebarefacción tendo en conta o alegado no escrito de reclamación. A este respecto manifesta o seguinte:

“

A pregunta número 1 do segundo suposto práctico interroga sobre os "límites económicos" aplicables a determinados tipos de contrato en abstracto. Desde unha perspectiva estritamente técnica, a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), vincula os límites cuantitativos aos procedementos de adxudicación e non á tipoloxía do contrato por si mesma, polo que ao non especificar o procedemento o enunciado ábrese diversas opcións legalmente válidas como o procedemento aberto supersimplificado (35.000 €, Art. 159.6), o simplificado ordinario (140.000 €, Art. 159.1) ou o contrato menor (15.000 €, Art. 118). Así mesmo, a vinculación expresa de todas as prestacións á "correcta organización del evento" expón unha posible necesidade de analizar a unidade funcional do obxecto contractual consonte ao artigo 99.2 da LCSP, dado que a suma de ambos os dous contratos de servizos (son por 10.000 € e deseño gráfico por 6.000 €) acada un total de 16.000 euros (IVA excluído), superando o limiar do contrato menor e aconsellando unha tramitación conxunta por razóns de concorrência e publicidade.

”

A pregunta impugnada contiña a seguinte formulación: *“Que tipos de contratos serán necesarios para a contratación dos equipos de son, de deseño gráfico para cartelaría e difusión do evento e adquisición do material necesario para a execución dos grafitis?, cales son os límites económicos de cada un deles?”*

Seguindo a lóxica do enunciado e facilitándose as cuantías dos contratos, as persoas aspirantes identificarán os tipos de contratos a que responde cada suposto. Tras da súa identificación, observarán que os contratos de servizos e os de subministro teñen un límite vinculado a súa contía, cal é o tipo de procedemento e, así, se é inferior a 15.000 euros, a Administración contratante pode acudir ao procedemento menor. Ademais, existen uns límites máximos absolutos: os umbrais SARA, a partir dos que o contrato pasa a ser harmonizado. Admítense como correctas ambas respostas, considerando o órgano de selección que debe, en todo caso, acompañarse dun razoamento fundamentado, tal como sinala o enunciado, sen que proceda a anulación da pregunta polos motivos expostos. Neste senso, debe considerarse que





a reflexión que realiza o aspirante na súa reclamación sobre a posible unidade funcional do obxecto contractual non foi tachada de errónea (non foi penalizada) ao acompañarse dun razoamento.

Ademais, comprobado o contido da resposta dada polo aspirante resulta que neste se limita a sinalar o seguinte:

"(texto a inserir en notificación)¹".

Pode comprobarse coas puntuacións asignadas a esta pregunta que o órgano de selección valora positivamente a identificación dos tipos de contrato e da posibilidade de tramitalos como contratos menores. Sen embargo, a argumentación que acompaña ás conclusión resulta extremadamente parca ou inexistente.

En relación coa pregunta número 2 do suposto de contratación, o aspirante solicita igualmente a súa anulación total ou parcial ou rebaremación manifestando o seguinte:

"

A pregunta número 2 do segundo suposto práctico cuestiona se a empresa SONIDO, S.A. pode contratar co Concello de Vigo ao se atopar cunha debida coa Seguridade Social que figura "actualmente aplazada e fraccionada". Para definir unha única solución pechada, compriría precisar a data exacta de concesión de dito aprazamento, dado que os artigos 140.4 e 150.2 da LCSP esixen que dita condición concorra de forma estricta no momento de finalización do prazo de presentación de ofertas para enervar a prohibición de contratar do artigo 71.1.d). O uso do adverbio "actualmente" deixa un espazo de indeterminación temporal que aconsella unha revisión do planteamento e formulación da pregunta.

"

O enunciado do suposto expón:

1 O sentido literal da resposta que consta en acta só figurará na notificación remitida ao aspirante ao ser reprodución do exercicio realizado.



“Durante a tramitación dun dos contratos, advírtese que a empresa adxudicataria SONIDO, S.A. atópase incurso nun procedemento sancionador de igualdade de trato e non discriminación por razón de expresión de xénero, ademais de contar cunha débeda coa Seguridade Social, actualmente aprazada e fraccionada”.

A segunda pregunta que se formula neste suposto ten o seguinte tenor: “Pode SONIDO, S.A. contratar co Concello de Vigo?”.

Pois ben, o enunciado do suposto plantea un marco de feitos hipotéticos e suficientes para que as persoas aspirantes realicen unha avaliación da situación de feitos exposta e das normas de aplicación e acrediten, coas súas respostas, os seus coñecementos. O suposto refire que a empresa adxudicataria atópase incurso nun procedemento sancionador en materia de igualdade e que conta cunha débeda coa SS actualmente aprazada e fraccionada. Polo tanto, identifica de forma precisa a situación de feito que debe considerarse no momento da toma de decisións. As expresións “empresa adxudicatária” “atópase incurso” e “actualmente” funcionan como recursos lingüísticos para situar á persoa aspirante no momento exacto no que ten que encadrar a súas respostas, polo que non se apreza no enunciado a indeterminación aludida polo aspirante reclamante, non existindo dúbida da vixencia do aprazamento concedido, malia o sinalado na súa reclamación.

A resposta dada polo aspirante no seu exercicio, tampouco acompaña o sentido dado a súa reclamación, pois non alude a ningunha variable temporal senón que é taxativo na súa conclusión sobre a existencia da prohibición para contratar, pois afirma:

“(Texto a inserir en notificación) ².”

En consecuencia, considerando que a situación xurídica e *de facto* están claramente definidas no enunciado, o coñecemento da data exacta da concesión do aprazamento da débeda, nos termos exixidos polo aspirante reclamante, non modifica nin condiciona a resposta correcta, procedendo desestimar a súa petición de nulidade e/ou rebaremación.

2 O texto literal da resposta que consta en acta, só figurará na notificación remitida á persoa aspirante por conter o tenor da súa resposta.





Debe engadirse, a efectos meramente informativos, que unha eventual anulación das preguntas impugnadas, e conseguinte rebaremación do exercicio, suporía unha menor puntuación no exercicio do aspirante, ao incrementar o peso relativo da nula puntuación asignada ás preguntas 7 (errónea) e 8 (sen responder).

Sentado o anterior, as puntuacións desglosadas son as seguintes:

	Presidenta	Vogal 1º	Vogal 2ª	Vogal 3º
SUPOSTO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO				
APTO A)	0,75	1,25	1	0,70
APTO B)	0	0	0,75	0
APTO C)	0	0	0	0,10
APTO D)	0,50	0,75	1	0,75
APTO E)	0	0	0	0,10
APTO F)	0,75	0,75	1,10	1,35
SUPOSTO CONTRATACIÓN				
1	0,50	0,50	1	0,10
2	0,50	0,50	0,64	0,60
3	1	0,75	1	0,75
4	1	0,75	1	0,65
5	1	1	1	0,80
6	1	0,75	1	1,10
7	0	0	0	0
8	0	0	0	0

Motivan a súa puntuación na existencia de erros e omisións relevantes nalgunhas conclusións e fundamentacións igualmente equivocadas, que son ponderadas por cada membro con dereito a voto segundo o seu xuízo técnico-profesional independente. O aspirante non identifica moitas das cuestións merecentes de ser analizadas e comete erros de diversa consideración na cualificación e aplicación práctica dos conceptos (incorrecta cualificación do acto de incoación, incorrecta valoración da débeda coa TXSS fraccionada e aprazada, incorrecto cómputo de prazo, incorrecto tratamento da exixibilidade de clasificación do contratista, non se aborda a necesidade do título executivo na súa relación cos mecanismos de execución forzosa, etc.). Os razoamentos que acompañan as respostas, en ocasións moi escuetos,





evidencian imprecisións e carencias na asimilación de conceptos xurídico-administrativos (algúns membros consideran que este tipo de erros en cuestións básicas penalizan total o notablemente a puntuación) e non permiten que o exercicio acade, no seu conxunto, un nivel mínimo de suficiencia.

Remitiránselle os criterios orientativos de corrección, coa observación de tratarse de directrices cun carácter eminentemente orientativo e indicativo que non expresan unha resposta unívoca ou pechada pois a resolución dos supostos prácticos poden admitir unha pluralidade de enfoques e liñas argumentais que deben ser ponderadas polo tribunal.

Con data 10.07.2026 accedeu aos 3º exercicios, con datos persoais anonimizados, que obtiveron as dúas notas máis altas.

ACORDO: Desestimar as solicitudes de nulidade das preguntas 1 e 2 do suposto práctico de contratación e comunicar ao aspirante, a súa puntuación numérica e desglosada xunto coa motivación da súa nota e os criterios peticionados.

A persoa aspirante poderá formular recurso de alzada contra este acordo, ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación.

Data de06.07.2026
presentación:
Código deW1519523-4157
solicitud:

Solicita a revisión da puntuación do seu 3º exercicio e que se lle comuniquen os criterios de valoración cualitativa seguidos, as concretas razóns polas que a aplicación dos criterios levan a cualificación obtida, así como a obtención dunha copia do exercicio realizado.

FUNDAMENTOS DO ACORDO:

A aspirante accedeu o día 08.07.2026 ao seu 3º exercicio.

Os membros do órgano de selección levan a cabo a revisión do contido do exercicio da aspirante reclamante e verifican as puntuacións asignadas a cada unha das preguntas. Tras esta labor, o titular da 1º vogalía rectifica a puntuación asignada ao apartado e) do suposto relativo a procedemento administrativo ao aprezar, durante o





proceso de revisión, a existencia de elementos que considera avaliábeis. Modifícase, xa que logo, a puntuación atribuída a ese apartado, quedando modificada a puntuación desavogalía e media aritmética no senso exposto.

As puntuacións desglosadas son as seguintes:

	Presidenta	Vogal 1º	Vogal 2ª	Vogal 3º
SUPOSTO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO				
APTO A)	0,75	0,75	0,75	0,90
APTO B)	0	0	0,75	0,75
APTO C)	1,25	0,75	0,75	0,75
APTO D)	1,25	1	1,50	0,85
APTO E)	0	0,50	0	1
APTO F)	1,75	1,50	1	1,15
SUPOSTO CONTRATACIÓN				
1	1	1	1,25	1
2	1	1	1,25	1
3	1	0,75	1	0,85
4	0,75	0,75	1	0,80
5	0,75	0,75	1	0,80
6	0,75	0,75	1,25	0,90
7	0,75	0,75	1	0,75
8	1	0,75	1	0,80

A puntuación do exercicio, calculada a media aritmética, é a seguinte:

Presidenta		Vogal 1º		Vogal 2ª		Vogal 3º		Puntuación
5	7	4,5	6,5	4,75	8,75	5,5	6,9	
6		5,5		6,75		6,2		6,11

Realizada a antedita revisión, xustifican as puntuación obtidas na ponderación técnico-profesional e independente de cada membro con dereito a voto, polo que as ditas notas teñen o seu fundamento na diversa gradación que realizan das omisións advertidas no exercicio (tales como respostas sen abordar e ausencia ou insuficiencia na análise dos requisitos de admisibilidade ou das diferentes variables contidas no enunciado), erros (cómputo de prazos, tratamento da solicitude de sesión plenaria) e composicións non sempre analíticas ou razoadas, máis aló da reprodución de





preceptos, actuando cada membro con autonomía de xuízo na avaliación realizada. A falta de afondamento no tratamento dalgunhas cuestións, xunto aos erros advertidos, motiva a asignación de puntuacións obtidas, dado que as mellores cualificacións reportadas vense contrarrestadas coas penalizacións e incorreccións presentes na execución, dando lugar a un exercicio correcto e suficiente, pero non destacable.

ACORDO: Comunicar á persoa aspirante que, como resultado da revisión realizada, a puntuación definitiva do seu 3º exercicio é de 6,11, o que será obxecto de publicación. Comúnicanselle, así mesmo, as puntuacións desagregadas e a motivación da puntuación obtida, así como que poderá obter copia do seu exercicio previa exacción da taxa establecida.

A persoa aspirante poderá formular recurso de alzada contra este acordo, ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación.

Data de presentación: 06.07.2026

Código de solicitude: W1519551-6511

Solicita a revisión da cualificación outorgada ao seu 3º exercicio, o desglose da puntuación obtida en cada un dos supostos e, no seu caso, en cada un dos apartados, a comunicación dos criterios de corrección e valoración aplicados, motivando como os ditos criterios se concretan na cualificación obtida, así como una copia do exercicio realizado pola aspirante.

FUNDAMENTOS DO ACORDO:

As puntuacións desglosadas son as seguintes:

	Presidenta	Vogal 1º	Vogal 2ª	Vogal 3º
SUPOSTO PROCEDEMENTO				
ADMINISTRATIVO				
APTO A)	1,25	1,50	1,50	1,30
APTO B)	1,25	1,25	1,50	1,25
APTO C)	0	0	0,75	0,20
APTO D)	0	0	0,75	0
APTO E)	1,5	1,25	1	1,35
APTO F)	1,5	1,50	1	1,05
SUPOSTO CONTRATACIÓN				





1	1,20	1,25	1,25	0,60
2	1,20	1	1,25	0,800
3	1,20	1,25	1,25	1
4	1,15	1,25	1	0,80
5	0	0,50	0,64	0,50
6	0,75	1	1	0,90
7	1	0,75	1	0,75
8	1	0,75	1	0,65

Motivan estas puntuacións o contraste presente entre respostas ben elaboradas e respostas con erros substanciais que, a xuízo dalgúns membros, amosan unha confusión relevante ou erros graves no enfoque analítico que impiden asignar unha mínima puntuación. Así mesmo, tense en conta o nivel de coñecementos acreditado (contraste entre partes ben desenvolvidas e outras executadas con deficiencias), a parquedade dalgúns razoamentos e o esquemático dalgunhas composicións.

Polo demais, a aspirante accedeu ao seu exercicio o día 08.07.2026.

ACORDO: Comunicar á persoa aspirante as puntuacións desglosadas e a motivación da nota obtida así como que a expedición da copia do seu exercicio terá lugar previa exacción da taxa establecida.

A persoa aspirante poderá formular recurso de alzada contra este acordo, ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación.

